

NORMAS INICIO DE CURSO 21-22

Referencias legais: <http://www.edu.xunta.gal/porta/es/node/34962>

- Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.
- Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 (versión 06/07/2021).

Tomando como referencia principal as referencias legais citadas e adaptándoas ás particularidades do noso centro educativo, o seguinte texto recolle as **principais normas de funcionamento que serán de aplicación no curso 21-22, coa finalidade de dar a máxima información ás familias do alumnado.**

En virtude do establecido no Protocolo e na normativa interna do centro educativo, estas normas son de **obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.**

En función das circunstancias epidemiolóxicas ou dos cambios lexislativos, **o centro educativo poderá cambiar estas medidas**, previa información ás familias do alumnado.

Inicio de clases: Todo o alumnado do CRA de Oroso comezará as clases o xoves 9 de setembro, ás 9:30. Para o alumnado de Educación Infantil que se incorpora por primeira vez ao centro no curso 21-22, o período de adaptación non se prolongará máis alá do día 21 de setembro de 2021 (neste período os horarios poden ser variables, en función da adaptación do alumnado á escola).

Enquisa de autoavaliación no domicilio e declaración responsable:

Segundo o disposto no Protocolo, cada familia terá que facer cada día no seu domicilio a enquisa que se inclúe como Anexo I. Si hai un so síntoma dos da enquisa, o/a alumno/a non poderá asistir ao colexio ese día e terá que poñerse en contacto co seu centro de saúde. Cada familia asinará ao comezo de curso unha declaración responsable para comprometerse a cumprir esta norma.

Entradas e saídas: O alumnado de Educación Primaria entrará ao recinto escolar sen acompañante. O alumnado de Educación Infantil preferiblemente entrará sen acompañante, a non ser que o precise. Os acompañantes deberán traer máscara, manter a distancia de seguridade e realizar a hixiene de mans. Nas escolas so entrarán os/as alumnos/as.

Uso de máscara no alumnado: O alumnado de 6 ou máis anos debe de usar máscara durante toda a xornada escolar de xeito obrigatorio. Para o alumnado menor de 6 anos o uso de máscara é recomendable, segundo o disposto no Protocolo, polo que no noso centro educativo, este alumnado tamén debe de usar a máscara ao igual ca o alumnado maior de 6 anos. Todo o alumnado ten que traer diariamente un estoxo ou sobre para gardala e unha máscara de recambio.

Material escolar: O material de uso habitual (lapis, ceras, libretas...) non se pode compartir, polo que cada alumno/a terá unha caixa individual co seu material na escola. Cada titora pedirá o material que considere oportuno no inicio de curso. Todo este material ten que vir co nome do alumno/a. Cada alumno/a debe de traer unha botella de auga de uso individual cada día.

Desenvolvemento das clases:

- ✓ O alumnado terá que lavar/desinfectar as mans, como mínimo 5 veces ao longo da xornada. Esta desinfección alternarase con auga/xabón e con xel desinfectante (prestarase especial coidado ao uso do xel no alumnado de menor idade). Ademais disto, como recomendación, o alumnado que teña o pelo longo debe de traer o pelo recollido para evitar tocar a cara (boca, ollos...)
- ✓ As mesas do alumnado de Infantil poden ter ata un máximo de 5 alumnos/as e entre mesas haberá un espazo de 1,5 metros. As mesas do alumnado de Primaria estarán separadas o máximo posible (aínda que neste caso o Protocolo non establece separación).
- ✓ Procurarase desenvolver actividades ao aire libre o máximo tempo posible e sempre que a climatoloxía o permita, polo que o alumnado debe de vir con roupa e calzado axeitados (calzado impermeable).
- ✓ As titorías do profesorado coas familias faranse, de xeito preferente, por teléfono ou videoconferencia. Nas primeiras semanas so se farán as titorías que as titoras consideren indispensables e con cita previa.

- ✓ A ventilación considerase como unha medida hixiénica prioritaria, polo que, ademais da frecuencia obrigatoria (antes e despois da xornada escolar, recreos, e sempre que se poida, entre clases), tamén é recomendable manter as xanelas abertas total ou parcialmente durante as clases. Esta ventilación non implicará diminución de temperatura na aula nin correntes de aire nas zonas onde se senta o alumnado.

- ✓ Nas primeiras semanas de curso haberá cambios nos horarios do profesorado para axudar ás titoras no período de adaptación e evitar, na medida do posible, os desprazamentos entre escolas. Tan pronto como sexa posible implementárase o horario normal de todo o profesorado (Inglés, Música, Audición e Linguaxe, Educación Física e Relixión).

- ✓ De xeito indefinido, quedan suspendidas as actividades complementarias e extraescolares, xa que xuntarían a alumnado de diversas escolas. Entre estas actividades inclúense as sesións de biblioteca dos martes pola tarde, realización de excursións, celebracións de magosto e festivais...en función da evolución da situación, poderase revisar esta medida.